

Informe Cuadrienal nº 52 (setembro-decembro de 2021)

Neste informe recóllese os principais feitos e actividades acontecidos no período de setembro a decembro de 2021 relacionados coa ETSE. Durante este período celebrouse unha Xunta de Escola ordinarias o día 21 de outubro, e dúas extraordinarias o 27 de setembro e o 18 de novembro.

Persoal

1 de setembro. Alejandro Catalá Bolos asinou un contrato con esta Universidade como profesor axudante doutor da área de coñecemento de ciencia da computación e intelixencia artificial.

16 de setembro. Cesa don Ovidio Álvarez Penín, como técnico de investigación na área de Enxeñaría Química.

20 de setembro. Cesa: Cristina Villar Lemos e incorpórarse: Carlán Loureiro del Caño como ATB (Auxiliar Técnico de Biblioteca).

28 de setembro. Se incorpora Miguel Ángel Ferreira Casal como Técnico de Investigación adscrito ao departamento de Enxeñaría Química.

1 de outubro. A Universidade de Valladolid concede o Doutoramento Honoris Causa ao profesor emérito Juan M. Lema.

5 de outubro. A profesora Eva Cerndas acadou o 2º premio na "XII Edición dos Premios á Introdución da Perspectiva de Xénero", na modalidade de docencia por unha actuación na ETSE, "Experiencias da introducción da perspectiva de xénero en materias relacionadas coa intelixencia artificial", que desenvolveu no Máster de Visión por Computador e o Grao en Enxeñaría Informática.

18 de novembro. A Sociedad Científica Informática de España e a Fundación BBVA entregaron a Senén Barro, catedrático da USC e director científico do Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (Citius) o Premio Nacional de Informática.

Asuntos académicos

6 de setembro. Actos de benvida aos estudiantes de grao que inician o curso 2021-22.

9 de setembro. Presentación a través de MS Teams, da coordinadora da comisión de Traballos de Fin de Grao do Grei dirixida ao alumnado de cuarto matriculado na materia TFG.

23 de setembro. Presentación e defensa semipresencial da tese de doutoramento de D. Adrián Arias Baño, titulada: Optimización de un sistema integrado anaerobio y biorreactor de membrana, con baja huella ambiental, para el tratamiento de aguas residuales de baja carga, dirixida por D. Juan Manuel Garrido Fernández.

30 de setembro. Presentación da Aula Profesional dirixida a todo o alumnado do centro (graos, másters e doutoramento). A través de Teams. David Losada Carril.

29 de outubro. Concesión polo Servizo de Normalización Lingüística da USC dos premios á calidade lingüística dos TFG e TFM. Resultaron gañadores os seguintes alumnos da ETSE:

- *Análise enerxética aproximada*, de Noa Fernández Moreira, do Grao en Enxeñaría Informática. TFG titorizado por José Ángel Taboada González

- *Efecto da radiación UV-B e da combinación da temperatura e o CO₂ sobre a ecofisioloxía dos organismos colonizadores do patrimonio cultural granítico*, de Diana Pérez Velón, do Máster en Enxeñaría Ambiental. TFM titorizado por Beatriz Loreto Prieto Lamas.

- *Impacto sobre a actividade encimática do solo do líquido iónico nitrato de etilamonio e a súa mestura co sal de aluminio, ambos con posibles usos electroquímicos*, de Teresa Sixto Anello, do Máster en Enxeñaría Ambiental. TFM titorizado por Beatriz Loreto Prieto Lamas.

18 de novembro. Presentación do Programa de Prácticas en empresa das titulacións de grao para o curso 2021-22. A cargo de Oscar Rodríguez Figueiras, Coordinador Xeral de Prácticas, Almudena Hospido Quintana, Coordinadora de Prácticas de Grao en Enxeñaría Química e Eduardo Sánchez Vila, Coordinador de Prácticas do Grao en Enxeñaría Informática.

19 de novembro. Presentación e defensa semipresencial da tese de doutoramento de Dona Iana Câmara Salim, titulada: From agricultural cultivation to food and bio-based products: a life cycle assessment perspective, dirixida por D. Gumersindo Feijoo Costa e Dona María Teresa Moreira Vila.

26 de novembro. I Foro de Empresas de Enxeñaría Química. No Acto de Inauguración contouse coa presencia de Dna. Covadonga Toca Carús, Directora Xeral de Emprego, traballo autónomo e economía social da Xunta de Galicia, coa Presidenta do Colexio Oficial de Enxeñeras e Enxeñeiros Químicos de Galicia Dna. Andrea Fernández Salvande e coa directora da ETSE, Dña. Julia González Álvarez. Clausurou o Acto o Presidente da Real Academia Galega das Ciencias, D. Juan Lema Rodicio, o Vicerreitor de Planificación, Tecnoloxías e Sostenibilidade, D.Gumersindo Feijoo Costa, e D. José María Barreiro, Director Xeral de Función Pública.

27 de novembro. Publicación da convocatoria de prácticas en empresa para período de segundo cuatrimestre para o estudiantado do Grao en Enxeñaría Química.

29 de novembro. Presentación do módulo de Prácticas empresa aos estudiantes do Máster en Enxeñaría Ambiental por parte da coordinadora do mesmo, Almudena Hospido Quintana.

2 de decembro. Charla informativa sobre o programa Erasmus 2022-23 a cargo do Responsable Académico de Mobilidade, David Losada Carril.

2 de decembro. Publicación da convocatoria de prácticas en empresa para os períodos de segundo cuatrimestre e verán para o estudiantado de Grao en Enxeñaría Informática.

13 de decembro. Convocatoria para o proceso de asignación de prazas de grao e máster do programa Erasmus na ETSE, curso 2022-23.

16 de decembro. XIV Foro de empresas para Enxeñaría Informática. Organizado polo coordinador de prácticas Eduardo Sánchez Vila.

8 de novembro. Álvaro Goldar e Francisco Cardama, que actualmente cursan o máster de Computación de Altas Prestacións na ETSE e fan investigación no Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes (CiTIUS) da USC foron seleccionados pola Sociedade Española De Excelencia Académica (SEDEA) polo seu rendemento durante os seus estudos de Informática na USC.

Actividades

9 e 10 de setembro. Inspección OCA no edificio

13 de outubro. Terceira Edición da National Cyberleague organizada pola Garda Civil. Evento online, para informar da experiencia en anteriores edicións, da visión da ciberseguridade actual e como estará cada día más presente nas nosas vidas, e resolver as dubidas do alumnado interesado en participar na Liga.

16 de novembro. Campaña de doazón de sangue na ETSE.

25 de novembro. Presentación-coloquio: Acoso #MeToo en la ciencia española a cargo da autora Ángela Bernardo Álvarez. Organiza: Comisión Igualdade ETSE. Aberto a toda a comunidade universitaria.

23 de novembro. Conversa 'Intelixencia artificial: realidade, ficción e retos', impartida por Francisco Herrera. Catedrático do Departamento de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial da Universidad de Granada, e director do Instituto Andaluz de Investigación en Ciencia de Datos e Inteligencia Computacional. Dentro do evento Talentia Summit, organizado polo Concello de Santiago.

Aula Profesional

16 de setembro. Xogo de cidade virtual HERA. Organizado por Manuel Lama Penín, Prof. do Departamento de Electrónica e Computación.

21 de outubro. Implementación de metodología Lean Six Sigma en una empresa. Impartido por Joel Morales, Univ. De San Carlos de Guatemala. Organizado por José M. Cotos, Jose A. Taboada, David Mera Pérez.

2 e 9 de novembro. Curso de Análise cuantitativo de riscos. Organizado por ISA USC. Impartido por Arturo Trujillo da empresa DEKRA.

18 de novembro a 16 de decembro. Taller de Presentacións Orais impartido polo profesor Juan M. Lema Rodicio.

18 de novembro. "El Gemelo digital en las distintas Fases de Proyecto y Ciclo de Vida de un Proceso Productivo". Organizado por ISA Sección Española. Ponente don Roberto Sandoval (SIEMENS).

23 de novembro. "Story Telling, la transición del mundo académico al laboral". Organizado por ISA USC. Impartido polos enxeñeiros químicos pola USC, Julio Sequeiros Fernández, Iago Vaamonde López, Pedro Torres Hervés e Alex Renedo Estévez.

29 de novembro. Altia TechDay, "BDD, modelando el comportamiento de sistema sin morir en el intento", impartido por José Luis Antón Bueso.

Convenios de colaboración en Prácticas en empresas, Traballo Fin de Grao/Proxecto Fin de Carreira/Traballo Fin de Máster

ARUMEL.	Grao en Enxeñaría Informática
SILICONAS Y MASILLAS S.L	Grao en Enxeñaría Informática
COOPERATIVAS LÁCTEAS UNIDAS	Grao en Enxeñaría Química, Máster en Enxeñaría Ambiental e Máster en Enxeñaría Química e Bioprocessos
AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS	Grao en Enxeñaría Química, Máster en Enxeñaría Ambiental e Máster en Enxeñaría Química e Bioprocessos
CERNA INGENIERIA Y ASESORIA MEDIOAMBIENTAL	Grao en Enxeñaría Química, Máster en Enxeñaría Ambiental e Máster en Enxeñaría Química e Bioprocessos
ECOMANAGEMENT TECHNOLOGY S.L.	Todas as titulacións da USC
CAFÉS CANDELAS S.L.	Todas as titulacións da USC
EXLABESA EXTRUSION PADRON S.L.	Grao en Enxeñaría Química, Máster en Enxeñaría Ambiental e Máster en Enxeñaría Química e Bioprocessos
SOFTWARE ONE	Grao e Másteres de Enxeñaría Informática
MARINE INSTRUMENTS S.A.	Grao en Enxeñaría Informática
CONSORCIO CENTRO DE INVESTIGACION E TECNOLOGIA MATEMATICA DE GALICIA (CITMAGa)	Todas as titulacións da ETSE
INETUM ESPAÑA	Todas as titulacións da USC

Visitas a empresas

5 de outubro. Visita á Estación de Bioloxía Mariña da Graña dos alumnos da materia Avaliación de Impacto Ambiental do Máster en Enxeñaría Ambiental co profesor Xosé Lois Otero.

13 de outubro. Visita a Bioetanol Galicia dos alumnos das materias Biocatálise, Bioenxeñaría e Bioprocessos do Máster en Enxeñaría Química e Biotecnoloxía cos profesores Trinidad de Miguel, Cristina Díaz e Juan M. Lema.

14 de outubro. Visita a Poboa do Caramiñal e Ribeira dos alumnos da materia Avaliación de Impacto Ambiental do Máster en Enxeñaría Ambiental co profesor Xosé Lois Otero.

15 de outubro. Visita ás Fragas do Eume dos alumnos da materia Planificación de Sistemas Naturais do Máster en Enxeñaría Ambiental co profesor Alberto Rojo Alboreca.

19 de outubro. Visita a Casa das Ínsuas dos alumnos da materia Planificación de Sistemas Naturais do Máster en Enxeñaría Ambiental co profesor Alberto Rojo Alboreca.

10 e 11 de novembro. Visita a Foresa dos alumnos da materia de Grao en Enxeñaría Química, Fundamentos de Procesos Químicos, co profesor Enrique Roca Bordello.

10 de decembro. Visita aos ríos Sar e Sarela dos alumnos da materia do Máster en Enxeñaría Ambiental, Calidade de Augas, coa profesora Sarah Fiol.

13, 14 e 15 de decembro. Visita a Estación de Tratamento de Augas Potables do Tambre dos alumnos de Grao en Enxeñaría Química das materias Transporte de Fluídos e Electrotecnia, cos profesores Ana Soto Campos e Juan M. Garrido Fernández.

9 e 15 de decembro. Visita a Reganosa (Mugardos) dos alumnos do Grao en Enxeñaría Química das materias Proxectos e deseño de instalacións e Procesos de Química Industrial, coa profesora Mª Sonia Freire Leira.

3 de decembro. Visita Bioetanol Galicia (Curtis) polos alumnos de Grao en Enxeñaría Química das materias Enxeñaría Bioquímica e Transferencia de Materia, cos profesores Héctor Rodríguez Martínez e Ángeles Val del Río.

Outros

8 de outubro tivo lugar unha xuntanza para homenaxear aos catedráticos do departamento de Enxeñaría Química, Juan José Casares Long e Ramón Méndez Pampín co galo da súa xubilación.

19 de outubro. Participación da Directora da Escola, Julia González Álvarez, na “Xornada sobre Iniciativas para a mellora da calidade nos centros. Boas prácticas de calidade na USC”, organizada pola Vicerreitoría de Calidade.

Un equipo da Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ETSE), do que forman parte David E. Losada Carril, Paula López Martínez e Tomás Fernández Pena, liderou un curso de formación para 25 profesores de nove universidades de Uzbekistan, Kazakhastan, Tadzhikistan e Kirgizistan. A USC como coordinadora do proxecto Elba (Establishment of Training and Research Centres and Courses Development on Intelligent Big Data Analysis in CA) desenvolveu o primeiro dos tres cursos de formación dirixido principalmente a 25 profesores asiáticos e, a continuación, coordinará outros dous cursos para 60 profesores na Universidade Politécnica de Torino e na Universidade Primorska de Eslovenia. O proxecto Elba, dotado con 994.968 euros, céntrase en mellorar a capacitación e formación de investigadores/as asiáticos/as no ámbito da análise de Big Data.